



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO  
DE SAN CAETANO O DÍA 8 DE NOVEMBRO DE 2007,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.  
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, por medio da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, e a Universidade de Santiago de Compostela, para a formación de expertos latinoamericanos en cooperación internacional.
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, por medio da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, e as universidades de Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña, para a realización de cursos de formación sobre cooperación ao desenvolvemento en Cuba.
- Acordo polo que se autoriza subscrición dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, por medio da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, e a Universidade de Santiago de Compostela, para a execución do proxecto: *Rede latinoamericana de capacitación leiteira*.
- Acordo polo que se autoriza subscrición dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, por medio da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, e a Universidade de Santiago de Compostela, para a execución do proxecto de *Cooperación internacional para a transferencia tecnolóxica no cultivo do mero tigre (*epinephelus itajara*) e moluscos bivalvos (*argopecten nucleus*, *nodipecten nodosus* e *crassostrea rhizophorae*), como estratexia prospectiva para a seguridade alimentaria, incremento da calidade de vida dos pescadores artesanais e conservación dos recursos pesqueiros da área de influencia do Parque Nacional Corales del Rosario e San Bernardo (Colombia)*.
- Acordo polo que se aproba o complemento de produtividade variable para o persoal da Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia.



- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a entidade *La Caixa*, para a implantación do programa de postos de mando avanzados.

## **CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES**

- Acordo polo que se autoriza o texto do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Monterroso, para a construción dunha estación de autobuses no concello de Monterroso.
- Acordo polo que se autoriza o texto do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Catoira, para a construción dunha área de estacionamento de autobuses no p.q. da PO-548, marxe dereita, do concello de Catoira.

## **CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se declara municipio turístico galego o concello de Laxe.

## **CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de cooperación entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Deporte, e o Concello de Allariz, que ten por obxecto a realización da obra de reforma do pavillón de deportes Padre Feixoo.

## **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo de autorización para a aceptación da cesión dunha parcela de 1.408,40 m<sup>2</sup>, feita a título gratuito polo Concello das Somozas (A Coruña) a favor do Servizo Galego de Saúde, con destino á construción dun centro de saúde.

## **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE**

- Acordo polo que autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a Universidade de Santiago de Compostela, para a realización dun estudo de investigación para a recuperación da perdiz vermella, por importe de trinta e seis mil euros (36.000,00 euros).



- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello do Porriño, para a execución da obra de saneamento nas bacías transfronteirizas. Rede de saneamento da parroquia de Atios. O Porriño (Pontevedra), clave OH.336.729, por importe de trescentos cincuenta e nove mil cincocentos cincuenta e seis euros con corenta e dous céntimos (359.556,42 euros).
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello do Porriño, para a execución da obra de saneamento nas bacías transfronteirizas. Rede de saneamento da parroquia de San Salvador de Budiño. O Porriño (Pontevedra), clave OH.336.730, por importe de douscentos oitenta e cinco mil novecentos dezaseis euros con trinta e sete céntimos (285.916,37 euros).

## MOCIÓNS E PROPOSTAS

### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Declaración institucional da Xunta de Galicia no 5º aniversario do accidente do buque *Prestige*.



## **A XUNTA APOIA A FORMACIÓN DE TÉCNICOS EN COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO E O FORTALECIMENTO DO SECTOR LEITEIRO E PESQUEIRO EN LATINOAMÉRICA**

- *O Goberno galego aprobou hoxe a sinatura de catro convenios de colaboración nos que investirá máis de 785.000 euros*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe a catro convenios de colaboración entre a Secretaría Xeral de Relacións Exteriores da Xunta e as universidades galegas orientados a apoiar a formación de técnicos en cooperación ao desenvolvemento e ao fortalecemento do sector leiteiro e pesqueiro en Latinoamérica.

O Goberno galego aprobou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Dirección Xeral de Cooperación Exterior, dependente da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, e as universidades de Santiago, Vigo e A Coruña, polo que se destinan 165.000 euros a un programa de cursos de formación en materia de cooperación ao desenvolvemento nas universidades cubanas de Oriente e La Habana.

Esta colaboración complementará a formación técnica de xestores e técnicos para planificar, desenvolver e avaliar proxectos de cooperación ao desenvolvemento, e está principalmente dirixido a estudantes, profesores e investigadores, para impulsar o seu traballo cara ás áreas de xestión da cooperación, calidade e medio ambiente, xénero e desenvolvemento.

### **Fortalecemento do sector leiteiro e pesqueiro de Latinoamérica**

Así mesmo, segundo o aprobado hoxe, a Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Cooperación Exterior, destinará 167.000 euros para contribuír, en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, ao desenvolvemento da industria láctea latinoamericana e ao conseguinte fortalecemento do sector mediante a capacitación dos seus recursos humanos. Para isto, creárase e consolidárase unha rede de formadores e centros de formación lácteos que xestione programas de capacitación adaptados ás diversas realidades da rexión. Este proxecto beneficiará a produtores leiteiros, estudantes, operantes das industrias lácteas, provedores e dirixentes de organizacións lácteas de Latinoamérica.

De igual xeito, tamén hoxe se aprobou a subscripción dun acordo de colaboración entre a Xunta e a Universidade de Santiago de Compostela para a execución do proxecto de cooperación internacional para transferencia tecnolóxica no cultivo do mero tigre e moluscos bivalvo. Segundo se establece no acordo, o Goberno galego, a través da Dirección Xeral de Cooperación Exterior destinará a este proxecto 425.845 euros en tres anos, coa fin de dar resposta ás carencias de información sobre a factibilidade técnica e biolóxica dos cultivos experimentais de mero e moluscos, incrementar a



calidade de vida dos pescadores artesanais e conservar os recursos pesqueiros da área de influencia do parque nacional Corales del Rosario e San Bernardo en Colombia.

Na xuntanza semanal do Goberno galego tamén se deu o visto bo á sinatura de dun convenio de colaboración coa Universidade de Santiago para a formación de expertos latinoamericanos en cooperación internacional. De feito, a Universidade de Santiago de Compostela, puxo en marcha en 1998 un Máster en Cooperación Internacional e Voluntariado para a formación de futuros administradores públicos que adquiran unha capacidade dirixente especializada na cooperación internacional; formación de futuros recursos humanos para as actividades de xestión das ONGD dedicadas á cooperación internacional; e a especialización na elaboración, xestión e seguimento de proxectos de cooperación para o desenvolvemento por áreas xeográficas.

Para levar a cabo estes obxectivos, mediante clases teóricas e prácticas, con talleres temáticos e con axuda de especialistas recoñecidos no ámbito da cooperación internacional do Voluntariado, e para impulsar e promover a participación social e cidadá nas accións de cooperación para o desenvolvemento, tal e como queda definido na Lei 3/2003 do 19 de xuño, a Xunta de Galicia achegará un total de 27.165 euros, segundo se recolle nun dos acordos aprobados hoxe.

## A XUNTA APROBA O COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE PARA O PERSOAL DA POLICÍA AUTONÓMICA

- *Esta medida evita diferenzas salariais dos axentes adscritos a este departamento con respecto aos seus similares do Corpo Nacional de Policía*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o complemento de produtividade variable para o persoal da Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia. Trátase dun complemento por especial rendemento que percibirán estes axentes segundo a aplicación dos criterios de distribución que determinan a contía individual, que tamén se aprobaron hoxe.

Posto que a Policía Autónoma depende funcionalmente da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza –aínda que organicamente do Goberno central- é polo que o Consello aprobou hoxe esta medida co fin de evitar diferenzas salariais destes axentes con respecto aos seus similares do Corpo Nacional de Policía, que perciben este complemento. Correspóndelle tamén ao Goberno galego marcar os criterios xerais que permitan apreciar o especial rendemento, a actividade e a dedicación extraordinaria e o interese no desempeño dos postos de traballo

Os perceptores serán os funcionarios da unidade adscrita que se atopen en situación de activo, en segunda actividade con destino, que sexan alumnos en prácticas ou que sexan representantes dos traballadores dispensados da prestación de servizos para a realización de funcións sindicais a tempo completo.

### **Criterios para o reparto do complemento**

Ademais de cumprir os requisitos de perceptor, os criterios que determinarán a contía individual deste complemento de produtividade son a súa distribución e diversas situacións de inasistencia, tanto as que motivan a perda de retribución do complemento de produtividade coma as que non implican esa perda. Ademais, como criterio xeral, o dereito á percepción do devandito complemento será mensual e liquidarase trimestralmente.

En canto á distribución, o 70% da dotación orzamentaria que se asigne anualmente para este concepto destinarase a retribuír o especial rendemento, por tramos de responsabilidade segundo a estrutura da unidade. Co 30% restante, retribuirase a especial dedicación ou a iniciativa con que o funcionario desempeña o seu traballo. Ademais, tamén se poderán aplicar, con carácter excepcional, reducións persoais por baixo rendemento ou por desinterese profesional sempre que veñan fundamentada obxectivamente e de forma demostrable.



Motivan a perda da retribución do complemento de produtividade a falta ao servizo ou a non-asistencia de máis de 3 días durante un mes -seguidos ou alternos- sen presentación da baixa médica e a causa dunha enfermidade común ou dun accidente non laboral; tamén cando a falta por algún destes dous motivos sexa de 7 días – seguidos ou alternos- nun mes, inda que se presente baixa médica. En ningún caso, estes períodos serían acumulativos no mesmo mes. Outra causa de perda deste complemento será a asistencia a ensinanzas ou cursos de formación non convocados ou non impulsados pola Administración galega ou pola do Estado ou cando non estean convocados nos plans de formación continua. Ademais, a suspensión firme ou provisional de funcións e o permiso sen soldo tamén motivarán a perda desta percepción.

Doutra banda, non se perde o dereito á percepción deste complemento de produtividade cando a non-asistencia sexa por días de asuntos propios, por permiso de maternidade ou de paternidade, por baixas a causa de embarazo ou de lesión ou enfermidade en acto de servizo, por permiso de matrimonio, por días libres concedidos en Semana Santa ou no Nadal, por dispensa regulamentaria –horas libres- concedidas aos representantes sindicais a tempo parcial, por tempo de traslado por cambio de destino ou por permisos por causas xustificadas recollidos na Lei 30/1984.

## **A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA E A OBRA SOCIAL DE LA CAIXA IMPLANTAN UN PROGRAMA DE POSTOS DE MANDO AVANZADO PARA EMERXENCIAS**

- *La Caixa poñerá á disposición da Consellería un vehículo todoterreo que incluirá unha sala, un centro de coordinación operativa e un sistema de telecomunicacións para actuar en situacións de crise*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a entidade La Caixa para a implantación do programa de postos de mando avanzados destinados á prestación de servizos de emerxencias ante situacións de crise. O posto de mando avanzado que Obra Social La Caixa porá a disposición da Consellería de Presidencia está valorado en 958.981,13 euros, aínda que a Consellería de Presidencia o recibirá a título gratuíto.

O posto de mando destinarase ao uso dos efectivos de prestación de servizos de emerxencias ante situacións de crise, principalmente ante grandes emerxencias como os incendios forestais, industriais ou urbanos, ante as catástrofes naturais, os rescates de montaña e accidentes de tráfico de especial importancia coa finalidade de asegurar a seguridade e o benestar das persoas. Este posto de mando está composto por un vehículo todoterreo con tracción 6x6, dotado dun motor de 6 cilindros e cunha potencia de 410 CV que incluirá unha sala, un centro de coordinación operativa e un sistema de telecomunicacións.

A sala incluída no vehículo terá elementos multimedia, pantalla TFT-LCD de 42", rede informática, telefonía, fax multifuncional, proxector de imaxes, matriz de vídeo, aseo e mesa de reunións. O Centro de Coordinación Operativa estará dotado de 4 postos informáticos en rede, 6 emisoras tanto de trunking analóxico/dixital como de banda aérea, mandos para o control operacional e todos os equipos necesarios para a súa xestión.

Para o sistema de telecomunicacións, o camión estará dotado de catro postes telescópicos no teito sobre os que se posiciona a estación meteorolóxica, a cámara con visión por infravermellos, os focos de iluminación e as antenas de radio direccionais. Así mesmo, inclúe a instalación de 6 antenas de radio, 7 de GSM, unha UMTL-GPRS, unha de satélite para voz e datos IP, unha antena de televisión analóxica, unha de TDT e unha parabólica de TSD. Tamén se incluirá a legalización, matrícula e toda a documentación necesaria para a súa utilización, así como a formación técnica necesaria para o seu uso.





Pola súa banda, a Consellería de Presidencia comprométese a contratar as pólizas de seguro correspondentes, a aplicar un servizo de mantemento preventivo, a efectuar as reparacións necesarias e a aboar os impostos que lle corresponda.



## **POLÍTICA TERRITORIAL DESTINA 537.000 EUROS Á CONSTRUCCIÓN DUNHA ESTACIÓN DE AUTOBUSES EN MONTERROSO E DUNHA ÁREA DE ESTACIONAMENTO EN CATOIRA**

- *A Consellería asinará convenios con ambos os concellos para o desenvolvemento destas actuacións, que potenciarán o transporte público e reordenarán o tráfico dos autobuses*

O Consello da Xunta autorizou a sinatura de dous convenios de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e os concellos de Monterroso (Lugo) e Catoira (Pontevedra) para a construción no primeiro caso dunha estación de autobuses e, no segundo, dunha área de estacionamento de autobuses. A CPTOPT achegará un total de 537.000 euros para financiar ambas as actuacións.

No caso do concello de Monterroso, a Consellería de Política Territorial achegará 355.200 e encargárase de proxectar, contratar e executar as obras. Pola súa banda, o Concello de Monterroso deberá facilitar os terreos e as licenzas necesarias así como asumir a explotación e mantemento da estación unha vez que estea construída.

No caso do concello de Catoira, as características dos tráfico e a configuración urbana da vila fan que non resulte adecuada a construción dunha estación en sentido propio. Así, a Dirección Xeral de Transportes opta por construír un área de estacionamento de autobuses, que se situará no punto quilométrico 9 da estrada PO-548 Pontecesures-Vilagarcía, na súa marxe dereita. A CPTOPT achegará 182.100 euros para esta actuación e tamén se encargará de proxectar, contratar e executar as obras. Pola súa banda, o Concello de Catoira deberá facilitar os terreos e as licenzas necesarias e asumir a explotación e mantemento das novas instalacións.

Tanto a estación como a área de estacionamento contribuirán a potenciar o uso do transporte público nestes concellos e servirán para reordenar os tráfico dos autobuses concentrando as súas saídas e chegadas nun único punto, mellorando así a calidade de vida da cidadanía.



## **O CONSELLO DA XUNTA DECLARA LAXE COMO MUNICIPIO TURÍSTICO GALEGO**

O Consello da Xunta autorizou hoxe a declaración de Laxe como municipio turístico galego, de acordo co establecido no Decreto 39/2001, do 1 de febreiro, polo que se regulan este tipo de declaracións. A proposta, presentada polo propio Concello de Laxe, foi valorada e aprobada por unha comisión de valoración presidida polo director xeral de Turismo e hoxe foi elevada ao Consello da Xunta pola Consellería de Innovación e Industria, que ten as competencias en materia de turismo.

A comisión de valoración constatou o cumprimento por parte de Laxe dos requisitos establecidos na normativa para ser declarado municipio turístico, que teñen que ver coa afluencia de visitantes, os atractivos turísticos do destino e os servizos públicos dispoñibles, tales como rede de sumidoiros, recollida de lixo, seguridade e protección civil, ordenamento urbanístico, información turística e protección do contorno natural.

Segundo establece a normativa, a declaración de municipio turístico suporá para Laxe, entre outros beneficios, un criterio específico de prioridade nos beneficios que se poidan derivar dos planos de desenvolvemento e mellora do sector turístico que acometa a Xunta, a súa inclusión, con carácter preferente, nos plans provinciais de cooperación de obras e servizos, e a prioridade na concesión de axudas e subvencións da Administración turística para a potenciación de programas locais de desenvolvemento e de potenciación e promoción dos recursos turísticos.

Deste xeito, Laxe súmase aos outros 37 municipios da comunidade que xa contan coa declaración de municipio turístico galego: 8 pertencentes á provincia da Coruña (Betanzos, Corcubián, Fisterra, Miño, Padrón, Pontedeume, Ribeira e A Pobra); 9 á de Lugo (Chantada, Monforte, Mondoñedo, Ribadeo, Viveiro, Foz, Quiroga, Samos e Lugo); 9 á de Ourense (Allariz, Celanova, O Carballiño, Leiro, Monterrei, Nogueira de Ramuín, Pobra de Trives, Ribadavia e A Veiga); e 11 á de Pontevedra (Baiona, Cambados, Cangas, A Guarda, O Grove, Mondariz-Balneario, Poio, Sanxenxo, Tui, Nigrán e Vilagarcía).



## A CONSELLERÍA DE CULTURA INVISTE 250.000 EUROS NA MELLORA DO PAVILLÓN DE DEPORTES PADRE FEIXÓO DE ALLARIZ

- *O Consello da Xunta aproba unha achega de 250.000 euros para ampliar e renovar as dotacións das instalacións deportivas*

O Consello da Xunta aprobou hoxe un convenio de colaboración co Concello de Allariz polo que a Consellería de Cultura e Deporte investirá un total de 250.000 euros para ampliar e renovar as dotacións do pavillón de deportes Padre Feixóo deste municipio ourensán.

A Consellería asinará un convenio co Concello para formalizar o acordo mediante o cal este departamento da Xunta achegará 100.000 euros durante este ano e outros 150.000 euros no 2008. O concello encargárase de xestionar a obra e de financiar parte dos gastos cunha partida estimada en preto de 100.000 euros.

A realización das obras permitirá mellorar os servizos deportivos e as condicións en que as persoas usuarias empregan as instalacións do pavillón. Esta actuación enmárcase nos obxectivos da Consellaría para incrementar a calidade das instalacións deportivas con que se contan os concellos galegos.



## **O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE INVESTIRÁ 787.000 EUROS NA CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO DE SAÚDE NO CONCELLO CORUÑÉS DAS SOMOZAS**

- *O novo centro levantarase nunha parcela de 1.408,4 metros cadrados cedido polo concello*

O Servizo Galego de Saúde construírá un centro de saúde no concello das Somozas, na provincia da Coruña, logo de que o Consello da Xunta de Galicia de hoxe aceptase a cesión dunha parcela de 1.408,40 metros cadrados, feita a título gratuíto polo Concello das Somozas a favor do Servizo Galego de Saúde. O importe estimado para a licitación desta obra alcanza a cifra de 787.920 euros.

No programa funcional desta nova instalación sanitaria pública figuran, entre outros departamentos, recepción, arquivo de historias clínicas, centralización de instalacións, unha sala destinada a programas da muller, unha consulta de pediatría, unha consulta polivalente, unha consulta de probas diagnósticas, dúas consultas de medicina xeral, unha consulta de enfermaría, unha aula de formación e unha biblioteca/sala de xuntas.

O concello das Somozas conta na actualidade con 1.221 habitantes con tarxeta sanitaria, dos que máis de 380 son maiores de 64 anos e en torno a 90 están en idade pediátrica.

Esta actuación enmárcase dentro do esforzo que o Goberno galego está a realizar para mellorar a prestación sanitaria na comunidade, que se traduce na construción de novos centros sanitarios: cinco deles xa rematados, 9 en execución e 15 que se iniciarán no vindeiro ano; na reforma e ampliación doutros centros sanitarios, actuacións que xa están rematadas en 22 deles, en execución noutros 5 e que se acometerán ao longo do vindeiro ano noutros 12; ou nas actuacións que prevé o Plan especial de adecuación de infraestruturas, que se realizaron en 94 centros no ano 2007 e en 100 no 2006 e que está previsto levar a cabo noutros 50 centros de saúde no ano 2008.

De feito, os investimentos da Xunta para 2008 recollen unha partida de 18,7 millóns de euros para a construción de novos centros sanitarios, o que supón un incremento do 12 por cento con respecto ao 2007; de 2,3 millóns de euros para ampliación e reforma e de 3,5 millóns para equipamentos.



## **A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO REALIZARÁN UN ESTUDO DE INVESTIGACIÓN PARA A RECUPERACIÓN DA PERDIZ VERMELLA EN GALICIA**

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre ambos os organismos para este proxecto de investigación, que contará cun investimento de 36.000 euros por parte da Consellería de Medio Ambiente*
- *As actuacións que se realizarán incluírán o traballo de campo para a identificación xenética das poboacións existentes na actualidade en Galicia e a elaboración dun programa de recuperación desta especie autóctona*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) realizarán un estudo de investigación para a recuperación da perdiz vermella en Galicia. O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre ambos os organismos que permitirá desenvolver un traballo de campo para a identificación xenética das poboacións existentes na actualidade na comunidade autónoma e elaborar un plan de xestión para recuperar esta especie.

A perdiz vermella é unha especie cinexética cuxa poboación diminuíu nos últimos anos debido á transformación que sufriu o medio rural. Os cazadores galegos tentaron suplir esta carencia con importacións foráneas, o que supuxo a mestura de liñaxes e estirpes coa conseguinte perda da especie autóctona. O obxectivo do convenio entre a Consellería de Medio Ambiente e a USC é a recuperación da perdiz vermella a partir dos exemplares que aínda se poden atopar nalgúns zonas e que conservan un alto grao de pureza xenética.

Así, no marco deste estudo desenvolverase un traballo de campo, a cargo do persoal investigador da USC, coa toma de mostras de sangue de polo menos un cento de exemplares de perdiz vermella en Galicia, Castela León e Estremadura, xa que destas zonas proceden a maior parte dos animais utilizados para a repoboación na nosa comunidade autónoma; xunto con algúns exemplares do norte de Portugal, de onde proceden outras partidas. Unha vez realizada a toma de mostras procederase á súa análise xenética, co fin de identificar os patróns xenéticos da perdiz vermella autóctona de Galicia e poder elaborar un plan de xestión para a recuperación da especie.

O convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e a USC ten unha vixencia de tres anos, e o financiamento por parte da consellería será de 36.000 euros, que se distribuirá en tres partidas orzamentarias de 12.000 euros cada ano, desde 2007 ata 2009. A USC, pola súa parte coordinará o equipo de traballo, con persoal investigador da universidade, que levará a cabo o estudo.



## **A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE INVISTE MÁIS DE 645.000 EUROS NAS REDES DE SANEAMENTO DAS PARROQUIAS DE ATIOS E SAN SALVADOR DE BUDIÑO, NO CONCELLO PONTEVEDRÉS DO PORRIÑO**

- *As obras, que permitirán dotar de saneamento ambos os núcleos de poboación, contan cun prazo de execución de tres meses e serán financiadas na súa totalidade polo departamento de Medio Ambiente da Xunta*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a través da administración hidráulica, investirá 645.470 euros nas obras das redes de saneamento das parroquias de Atios e San Salvador de Budiño, no concello pontevedrés do Porriño. O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración técnica e financeira entre a consellería e o concello para a execución das obras, que serán financiadas na súa totalidade polo departamento de Medio Ambiente da Xunta.

As obras para acometer a rede de saneamento na parroquia de Atios contan cun orzamento de 359.556 euros e un prazo de execución de tres meses, e consistirán na instalación da infraestrutura necesaria para a evacuación das augas residuais producidas polas vivendas desta poboación para verter nun colector xa existente.

O proxecto financiarase con cargo aos orzamentos da Empresa Pública de Servizos Hidráulicos (EPOSH), cun investimento de 36.000 euros para este ano e 323.556 euros para o 2008.

Por outra parte, a Consellería de Medio Ambiente investirá 285.916 euros na rede de saneamento de nova planta para a parroquia de San Salvador de Budiño, que verterá a un colector xa existente. O proxecto executarase nun prazo de tres meses e financiarase con cargo aos orzamentos da EPOSH, cun investimento de 28.600 euros neste ano e 257.316 no vindeiro.

## **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL NO QUINTO ANIVERSARIO DO ACCIDENTE DO *PRESTIGE***

Hai cinco anos o buque petroleiro sufriu un accidente fronte ás costas galegas que rematou por provocar a máis grave situación medioambiental na historia de Galicia.

Miles de toneladas de fuel verquidos ao mar ameazaron os ecosistemas litorais, a riqueza do noso océano e a vida e traballo de miles de galegos.

A reacción da cidadanía, porén, non foi a da resignación ou desesperanza, senón a da autoorganización, a loita e o traballo en común.

Galicia, convertida naqueles días en punto de atención de todo o planeta, ofreceulle ao mundo un exemplo extraordinario dunha sociedade activa e solidaria, capaz de reaccionar fronte á desgraza, de mobilizar todos os seus recursos na loita contra o chapapote e disposta a demandar con firmeza democrática, baixo o lema de “Nunca Máis”, unha actuación decidida e coordinada dos poderes públicos.

Foron innumerables as accións e as iniciativas nas que centos de miles de galegos e galegas comprometeron o seu esforzo a raíz da gran mobilización social ocasionada polo accidente do *Prestige*.

O Goberno galego quere hoxe expresar, unha vez máis, o seu recoñecemento e gratitude a todos os cidadáns que se implicaron dun xeito ou doutro na loita contra a marea negra e os seus efectos.

E, entre todas esas valiosas iniciativas, quere lembrar especialmente a actuación dos mariñeiros galegos, que combateron coas súas propias mans a catástrofe, reducindo drasticamente os seus efectos negativos, e a acción solidaria dos voluntarios, tanto dos galegos como dos chegados doutras partes de España, de Europa e de todo o mundo.

Dende aquela tense andado un camiño. Hoxe temos un país máis protexido, con máis medios e recursos, con sistemas operativos e de prevención que nos permitirían afrontar con maior eficacia e coordinación un feito similar. E existe a disposición política no Goberno galego a seguir traballando por autorresponsabilizarnos da defensa das nosas costas.

Pero debemos seguir recordando o sucedido para evitar que nunca máis Galicia se atope á intemperie. Por iso, o Goberno galego anima a toda a cidadanía a participar activamente nos actos que, tanto convocados por institucións como por colectivos e





asociacións cidadás, van ter lugar con motivo deste quinto aniversario do accidente do *Prestige*.

A sociedade galega soubo converter a traxedia do *Prestige* nun enérxico incentivo para a recuperación da confianza en si mesma e nas potencialidades de Galicia. Esa é a esperanza no futuro, expresada a través do compromiso cidadán e da solidariedade colectiva, o que debemos rememorar estes días nos que, unha vez máis, diremos **si** á Galicia e **nunca máis** á súa marxinación e abandono.